



MONITOR DE ROCÓDROMO

A Federación Galega de Montañismo (FGM) convoca, a través da Escola Galega de Alta Montaña (EGAM), o curso de

“Monitor de Rocódromos”

O *Monitor de Rocódromo* é unha figura adicada ao desenvolvemento da escalada de base no ámbito destas infraestruturas. O Monitor de Rocódromo traballa con deportistas do entorno federado de clubs de montaña. É unha titulación que non capacita para desenvolver actividades de escalada no medio natural ou de carácter profesional.

O curso ten unha duración de **50 horas**, 40 presenciais e 10 a distancia, incluídas as adicadas a avaliación. Nas horas de formación, non está incluída a Proba de Acceso ao curso.

O curso está estruturado en dúas fases de semana consecutivas presenciais máis a fase a distancia. As datas da fase presencial son do 7 ao 9 e do 14 ao 16 de novembro. Os venres darase formación durante as tardes, catro horas, e os sábados e domingos, serán sesións de oito horas (catro + catro). As sesións desenvolveranse nas aulas, ximnasio e nos rocódromo do *Instituto Municipal de Deportes de Pontevedra* e o da *Facultade da Educación e do Deporte da Universidade de Vigo*.

Para acceder ao curso ten que se superar a **Proba de Acceso**. Farase o día *24 outubro* a partires das 16 horas, no rocódromo do *Instituto Municipal de Deportes do Excelentísimo Concello de Pontevedra*. Detalles da pobra nas follas seguintes.

REQUISITOS DE ACCESO AO CURSO – PROBA DE ACCESO

- Superar unha proba de técnica e habilidade de escalada en rocódromo, *A Proba de Acceso*
- Ter a licencia federativa de montaña durante dous anos consecutivos, 2013 e 2014
- Carta do clube de pertenza, confirmando a situación de socio
- Unha listaxe de 50 vías de escalada
 - Delas un 15 % de 6a e un 10 % de 6b. Adxúntase modelo da listaxe a entregar
- Maior de 18
- Graduado Escolar ou titulación equivalente

PREZO DAS MATRÍCULAS

- *Proba de Acceso* **25 €**
- *O Curso Formativo* **185 €**

A matrícula inclúe a asistencia as clases e os dereitos de examen.

As inscricións faranse enviando a información solicitada á oficina da FGM ou a través do clube, iste último enviarala a FGM a maior brevidade posible.

DESCRIPCIÓN DA PROBA DE ACCESO

A proba consiste en escalar dúas vías nun rocódromo, tamén asegurárase á compañeir@s.

O/A aspirante terá que:

- a) Aportar e seleccionar o material axeitado para a proba
- b) Encadear a vista dúas rutas de entre 6a e 6b dun total de tres propostas. Nunha destas tres rutas terá que efectuar unha manobra de descolgue pechado
- c) Asegurar a [outr@s](#) aspirantes en tres ocasións

Para a proba será obrigatorio o uso do casco, así como de material coa certificación CE para escalada.

Criterios de avaliación:

- Superación da proba de escalada sinalada no punto b)
- Execución das tarefas de seguridade. Criterios EGAM en canto a manobras.
- Uso do material deportivo e seguridade. Rexeranse polas recomendacións dos fabricantes do material.

Sobre as convalidacións:

Calquer módulo da formación pódese ser susceptible de convalidarse, previa solicitude á dirección do curso.

CURRICULO DO CURSO

Unidade 1.- *A Educación Física*

Principios da Educación Física aplicados à escalada en rocódromo.

Atención á diversidade.

Unidade 2.- *Lexislación*

Marco legal dos deportes de montaña.

Unidade 3.- *Didáctica da escalada*

Principios da didáctica aplicados á escalada en rocódromo.

Ensinar contidos.

Ensinar técnicas.

Obxetivos.

Deseño de actividades.

Introdución de contidos transversais.

Unidade 4.- *Técnicas de seguridade*

Aseguramento dinámico.

Progesión.

Descolgues.

Rápel.

Manobras en cordas con tensión.

Unidade 5.- *Actuacións no rocódromo*

Avaliación da estrutura.

Deseño de rutas.

A asistencia ao curso é obrigatoria. Só poderase deixar de asistir ao 5 % das horas lectivas e con xustificación.